



## *Memoria 2016*

**Servizo de Promoción da Autonomía Persoal  
para persoas coa síndrome de Down  
e discapacidade intelectual**

**Quén somos:** [Presentación da entidade](#)

**Qué facemos:** [Servizo de Promoción da Autonomía Persoal para as persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, SEPAP](#)

**Os nosos resultados:** [SEPAP 2016](#)

**2016:** [Ano de recoñecementos](#)

**Satisfacción dos nosos grupos de interese**

## 1. quén somos: presentación da entidade

A Asociación TEIMA, é unha asociación sen ánimo de lucro **declarada de utilidade pública polo Ministerio de Interior Ord. INT/2958/2006 de 12 de setembro de 2006.**

O ámbito de actuación da nosa asociación é a comarca de Ferrolterra.

TEIMA agrupa na actualidade a 58 persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias.

**Naceu** en febreiro do ano 1994 por iniciativa de tres familias de Ferrolterra que nese ano tiveron fillos/as coa síndrome de Down.

Nese mesmo mes fórmase a **primeira Xunta Directiva** constituída por pais e nais de persoas coa síndrome de Down.

A Misión de Teima leva inherente e de forma explícita a priorización do emprego dos recursos da comunidade para acadar a Inclusión real das persoas con discapacidade intelectual.



Este feito ven a supoñer a **senal de identidade** nas actuacións que se deseñan desde a asociación e que conforman o **Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP)**, xa que, ademais de articular os apoios necesarios para as persoas con discapacidade intelectual e para as súas familias, contémpanse **os entornos naturais onde se desenvolven, como principal obxecto de intervención.**

Polo tanto, a maior parte das intervencións que se realizan desde Teima para favorecer a Inclusión Social das persoas con DI, se realizan nas **Escolas infantís, nos Centros Educativos, nas Empresas, na rúa, nos transportes inter e intraurbanos, e en todos aqueles entornos onde sexa necesario xerar oportunidades para incluír dun xeito efectivo ás persoas.**



Teima está inscrita nos seguintes rexistros :

- Censo de entidades xuvenís nº 15 PS 0096.
- Rexistro Provincial de Asociacións nº 3567.
- Rexistro Unitario de Entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS nº E-760.
- Rexistro municipal do Concello de Ferrol nº 167.
- Rexistro municipal do Concello de Fene nº N/PARR.35.
- Rexistro municipal do Concello de Narón nº 170.
- Rexistro municipal do Concello de Neda nº 23.
- Rexistro de entidades de Acción Voluntaria nº O-150.

Traballamos con calidade e en compañía

**DOWN** TFIMA  
Asociación  
Síndrome  
de Down  
Ferrol

A nosa entidade está declarada de **Utilidade Pública** pola Ordeon INT/2558/2006, BOE nº 232 del 12 de diciembre de 2006.

Ademais nos e somos socios fundadores da Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down **DownGalicia** e á Federación española **DownEspaña**

Toda a actividade de Atención directa e de xestión do **Servizo de Promoción da Autonomía Personal (SEPAP)** está certificado pola **ISO 9001** desde o 7 de agosto de 2008.

AENOR **ER** Empresa Registrada UNE EN ISO 9001

Organizándonos deste xeito:



A Dirección e Administración da Asociación son exercidas pola Presidenta, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

A Xunta directiva é o órgano executivo e xestor da Asociación, por mandato da Asemblea Xeral.

A **Xunta Directiva** actual está integrada por:

<b>Presidenta</b>	Patricia Serantes castro
<b>Vicepresidente</b>	José M. Martín Rodríguez
<b>Secretario</b>	Santiago Rey Mosquera
<b>Vicesecretaria</b>	Mercedes Santalla Pita
<b>Tesoureiro</b>	Ana M. Rodríguez Méndez
<b>Vicetesoureiro</b>	Constantino Regueiro Sánchez
<b>Vocais</b>	Manuel Ángel Vidal Merlán Fco. Javier Varela Martínez Isabel Lamas Alonso, Marcos Bustabad

Os membros da Xunta Directiva de TEIMA non reciben prestación algunha polo desenvolvemento das súas responsabilidades, non realizándose por parte de esta ningunha prestación de servizos diferentes ás funcións que lle corresponden como membros do órgano executivo de goberno.

Por outro lado e para levar a cabo o Servizo de Promoción da Autonomía Persoal para as persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual que en TEIMA se desenvolve, contamos ó longo do ano 2013 coas seguintes **Persoas**

### **Profesionais:**

- Dúas psicólogas
- Unha Psicopedagoga
- Dúas Logopedas
- Dúas Graduadas Sociais:
- Unha Mestra.

- Catro Educadores Sociais
- Dúas Administrativas
- Voluntariado e Alumnado en prácticas:
  - Facultade de Ciencias da Educación, Universidade de A Coruña e de Santiago de Compostela( psicopedagogía, logopedia, pedagogía, educación social) e Universidade de Valencia (educación especial)
  - Ciclos Superiores de Técnico superior en Integración Social do CIFP “Ánxel Casa” de A Coruña, Educación Infantil do CIFP “Ferroterra” , Técnico superior de Actividades Físicas e deportivas do CIFP “Rodolfo Ucha” e centro educativo “Leixa” ciclo de atención a persoas en situación de dependencia.
- Unha persoa de mantemento e Limpeza



## 2. qué facemos: Servizo de Promoción da Autonomía Persoal

**DOWN** TEIMA  
Asociación  
Síndrome  
de Down  
Ferrol

**facemos...**

Unha intervención **global e integral** deseñando os **apoios** necesarios para a inclusión da persoa desde o momento do nacemento e contribuíndo, desta forma, a un **proxecto normalizado de vida e futuro** da persoa coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.

Todo este conxunto de intervencións realízanse coas persoas con **discapacidade intelectual**, coas súas familias e cós **entornos** nos que viven, e conforman o **Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP)** da nosa asociación

O nº de **usuarios directos** do servizo de promoción da autonomía persoal de Down Ferrol Teima son 53 **persoas coa Sd ou DI**, 106 **pais e nais** e 53 **irmáns**, falamos pois de **212 usuarios directos**.

O SEPAP execútase e inclúe usuarios/as da comarca de Ferrolterra que abrangue Ferrol, Eume e Ortegal e a que forman os concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Ares, Mugardos, Pontedeume, Valdoviño, Cariño, As Pontes.

## METODOLOGÍA APLICADA NO SEPAP

O SEPAP de Down Ferrol Teima parte dun modelo ecolóxico e sistémico de intervención global e integral, entendendo que a persoa forma parte de distintos sistemas ou **entornos** que teñen que ser o máis **competentes** posible **para favorecer a súa inclusión**; o mesmo tempo o SEPAP está articulado en diferentes programas deseñados para mellorar e desenvolver o funcionamento individual das persoas coa sd ou d.i. Unha vez identificadas as necesidades, achéganse os **apoios necesarios para incrementar en cada individuo a súa autonomía**, independencia e a súa inclusión na vida familiar, escolar, laboral e/ou comunitaria .

Preténdese facilitar o desenvolvemento integral das persoas, afianzando a súa madurez persoal mediante a adquisición de hábitos e capacidades que lles permitan participar como fillos, escolares, cidadáns e traballadores responsables en todos os ámbitos comunitarios ordinarios . Estes programas están pensados para persoas coa sd ou d.i de calquera idade que presenten limitacións nas áreas de habilidades adaptativas.

Unha vez detectadas as áreas nas que o individuo necesita apoios desenvólvese un programa individual que contribuirá a mellorar os seus niveis de autonomía persoal e a que o mesmo asuma a responsabilidade social que espera del. Na meirande parte dos programas existe unha fase inicial de valoración da persoa coa sd ou d.i, seguindo o criterio de funcionamento nas áreas de habilidades adaptativas, á que lle sigue unha de programación individualizada, dando lugar ó **Programa Individualizado de Promoción da Autonomía Persoal (PIPAP)** de cada membro con discapacidade intelectual de Teima.

A continuación represéntase graficamente os **programas** que conforman o **Servizo de Promoción da Autonomía Persoal de Down Ferrol Teima**.



O **Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP)** da nosa entidade comprende cinco grandes áreas de actuación, a saber:

- **Atención Temprá,**
- **Inclusión Educativa,**
- **Formación e Emprego,**
- **Área de Vida Adulta e**
- **Area transversal de Atención a Familias e a Sensibilización ó Entorno.**

Dentro destas áreas de actuación articúlense os distintos **programas de intervención dun xeito totalmente individualizado e personalizado en función das necesidades das persoas** coa sD e DI e das súas familias.

De seguido preséntase os obxectivos e as principais actuacións que conforman o SEPAP de Teima cós resultados máis salientables obtidos este ano 2016.

### 3. os nosos resultados: Servizo de Promoción da Autonomía Persoal 2016

#### SEPAP 2016: área de Atención Temperá

**Responsable**  
Salu



*Favorece o desenvolvemento motor, cognitivo, social e da linguaxe nos bebés coa sD e discapacidade intelectual nos seus primeiros anos de vida, ó tempo que apoia e orienta ós pais e nais para fomentar a súa autonomía no entorno familiar.*



Programas desenvolvidos nesta área: **Intervención Temperá e Coordinación có entorno.** O longo do ano 2016 non houbo usuarios entre 0 e 3 anos, e os que superan os 3 anos entran na área de Apoio a súa inclusión educativa.

## SEPAP 2016: área de Inclusión Educativa

 **Responsable**  
**Susana**

*Potencia o mellor aproveitamento posible da etapa escolar promovendo e facilitando a inclusión escolar do alumnado coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.*

*Encuentro al diferente?  
Claro todos son diferentes!!!*

Programas desenvolvidos: **Apoio personalizado en Habilidades sociais, Logopedia, habilidades instrumentais e Autonomía e Coordinación** cós seus centros educativos.

Principais resultados obtidos no ano 2016:

- **Nenas e nenos atendidos nos programas: 18**
- **Nenos e nenas incluídos en centros educativos ordinarios: 8**
- **Usuari@s que avanza na adquisición de competencias: 18**
- **Centros educativos da comarca cós que se fai coordinación: 17**
- **Actuaciones de sensibilización no ámbito educativo: 16**

## SEPAP 2016: área de emprego e formación



Programas desenvolvidos: **Formación Socio-Laboral e Emprego con Apoio.**

Principais resultados obtidos no ano 2016:

- **Persoas atendidas na área de emprego e formación: 21**
- **Persoas con discapacidade intelectual cun contrato de traballo: 13**
- **Empresas colaboradoras: 10**
- **Persoas con discapacidade intelectual que aprobaron a homologación de competencias clave para o emprego: 70%**
- **Persoas que preparan oposicións ao emprego público: 8**
- **Persoas activas no ano 2016: 90% dos usuarios da área.**

## SEPAP 2016: área de Vida Adulta



**Responsable**  
**Maria**

*Promove a autonomía social, persoal e urbana dos xóvenes e adultos coa síndrome de Down e discapacidade intelectual de cara a acadar as máximas cotas posibles de autoxestión, participación e inclusión social.*



Programas desenvolvidos: **Autonomía e Autoxestión.**

Principais resultados obtidos no ano 2016:

- **Persoas usuarias dos programas: 28**
- **Saídas á rúa: 90**
- **Persoas que participan en iniciativas de ocio comunitarias: 26**
- **Persoas que participan en iniciativas deportivas da comunidade: 12**
- **Persoas con apoio a sua vida independente: 1**
- **Persoas desenvolvendo os seus Plans Persoais: 5**
- **Persoas en seguimento de envellecemento activo: 9**
- **Actos de sensibilización da entidade con presenza e participación de persoas con discapacidade intelectual: 14**

## SEPAP 2016: área transversal

Area de Atención a Familias	e	Sensibilización ó entorno
<p><i>Orienta e apoia ós pais, nais e irmáns das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, ó longo de todo o seu ciclo vital, coa fin de facilitar ó máximo a inclusión familiar do membro con discapacidade e polo outro de potenciar a súa autonomía.</i></p>	 <b>Responsable</b> <b>Merce</b>	<p><i>Promove a sensibilización, divulgación, información e formación da poboación en xeral sobre a Inclusión Social das persoas con discapacidade intelectual</i></p>
		

Programas desenvolvidos na área transversal: **Atención a Familias e Sensibilización ó Entorno.**

Principais resultados obtidos na **Atención a Familias** no ano 2016:

- **Sesións de Atención Familiar Individualizada: 46**
- **Intervencións en situación de crise familiar: 27**
- **Intervencións de apoio familiar en situacións de hospitalización: 15**
- **Familias novas atendidas na entidade: 5**
- **Sesións de Grupo de Pais e Nais: 4**



Principais resultados obtidos no **programa de Sensibilización ó Entorno** no ano 2016.

- **Actuacións no ámbito Universitario: 8**
- **Actuacións no ámbito dos Medios de Comunicación : 7**
- **Actuacións no ámbito Comunitario: 18**
- **Actuacións no ámbito Educativo: 16**
- **Actuacións no ámbito Político: 12**
- **Actuacións no ámbito Sanitario: 1**
- **Actuacións no ámbito Empresarial: 5**

**Número de actuacións totais nos distintos entornos : 64**

*Todas as actuacións desde cada área están coordinadas a través de distintas reunións de profesionais de forma interna e externa cós axentes implicados nos entornos de interés, profesionais implicados no PIPAP da persoa coa sd ou DI, familia, veciños, persoal de hostalería, empregados de tendas, monitores de actividade nas distintas comunidades ,etc.*


## **4. 2016: ano de recoñecementos**

No ano 2016 a nosa entidade recibiu tres recoñecementos pola labor en favor da Inclusión social das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.


A **Fundación para la Juventud de Alcampo** có seu recoñecemento polo traballo de Apoio á Inclusión educativa, o **IX Premio Solidario do Concello de Ferrol** e a **Asociación Cultural Conxeito**; foron os tres organismos que neste ano salientaron a labor de Teima dentro da nosa comunidade.

## 5. Satisfacción dos nosos grupos de interese

Grao de satisfacción có Sepap nos últimos 5 anos das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual ( escala de 0 a 100)



Grao de satisfacción das familias có Servizo de Promoción da Autonomía Persoal e as áreas que o conforman.  
 ( escala de 1 a 5)





**AUTONOMÍA**  
**A aposta de Teima**  
**para a Inclusión Social**